

SUMARIO

- [1-7] NOVAS
- [1-5] IGAEM
- [6] Centro Coreográfico Galego
- [6-7] Centro Dramático Galego
- [7] Escola de Altos Estudos Musicais
- [8-9] AXENDA
- [10-11] ALERTA!
- [12-13] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS 2007 POTENCIA A SÚA FUNCIÓN COMO ESPAZO DE MERCADO

21 COMPAÑÍAS GALEGAS E 4 PROCEDENTES DE PAÍSES LUSÓFONOS EXHIBEN AS SÚAS MONTAXES TEATRAIS E COREOGRÁFICAS EN COMPOSTELA DO 23 AO 27 DE OUTUBRO

DESTACAN COMO NOVIDADES AS BONIFICACIÓNS Á CONTRATACIÓN EXTERIOR DE ESPECTÁCULOS, A CREACIÓN DUNHA ZONA DE MERCADO E A APERTURA CARA Á LUSOFONÍA

A Feira Galega das Artes Escénicas que organiza a Consellaría de Cultura a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) enfronta a súa décimo quinta edición, que se desenvolverá en Santiago de Compostela do 23 ao 27 de outubro, coa prioridade de potenciar a súa condición de espazo de mercado especializado e efectivo á hora de dar servizo ao centenar de programadores de teatros e auditorios, festivais e circuítos escénicos que teñen confirmada a súa asistencia, cara á incorporación de espectáculos galegos na súa oferta cultural para a vindeira temporada.

[continúa na pantalla seguinte]

[vén da pantalla anterior]

Neste sentido, e de xeito complementario ao habitual programa de exhibición no que este ano 21 compañías galegas e 4 procedentes de países lusófonos amosarán as súas propostas teatrais e coreográficas en cinco escenarios composteláns (Sala Nasa, Salón Teatro, Teatro Galán, Teatro Principal e auditorio da SGAE), na sede instalada na Fundación Gonzalo Torrente Ballester habilitarase un espazo de mercado cunha quincena de *stands* de empresas escénicas, unha área de encontro e traballo para os profesionais, outra para os medios de comunicación e unha mesa de contratación, entre outras dotacións destinadas a favorecer a compravenda de espectáculos.

BONIFICACIÓNS Á CONTRATACIÓN

A este obxectivo responde igualmente a liña de promoción exterior mediante a que o IGAEM bonificará a contratación de montaxes galegas a raíz dos contactos comerciais establecidos durante a celebración do evento. Os programadores e outros representantes de teatros de fóra de Galiza beneficiaranse deste programa de apoio, que poderán solicitar do 22 ao 31 de outubro, ao incorporar espectáculos de teatro, danza e maxia producidos por calquera compañía galega en exhibición na Rede Galega de Teatros e Auditorios –representados ou non no seo da Feira– ás programacións que desenvolvan entre o 1 de xaneiro e o 15 de xuño de 2008.

Coincidindo coa conmemoración dos 125 anos do teatro galego, 125 serán

tamén as funcións bonificadas polo IGAEM, que achegará o 50 por cento do cachet nas primeiras 30 representacións contratadas, o 40 por cento nas 40 seguintes e o 30 por cento nas 55 últimas, porcentaxes que se incrementarán até un 10% (cun límite do 55%) no caso de segundas funcións ou da contratación de producións coreográficas. Para facilitar o seu traballo, os profesionais acreditados disporán do *Catálogo da produción escénica galega*, no que se recolle información tanto das montaxes incluídas no cartel da Feira como doutras 10 compañías escénicas, ademais de estar convidados ás presentacións de espectáculos que terán lugar dentro do programa matinal de actividades paralelas que se celebrará na Fundación Torrente Ballester.

PUNTO DE INFLEXIÓN

Coas novidades introducidas nesta edición da Feira Galega das Artes Escénicas, o IGAEM pretende marcar un punto de inflexión a partir do que contribuír á ordenación do ciclo de produción e distribución das empresas de teatro e danza de Galiza, finalidade á que responde tamén o traslado das súas datas de celebración á segunda quincena de outubro,

así como a introdución de criterios obxectivos na selección de 14 das 25 compañías participantes no programa de exhibición: as oito compañías de teatro de actor, dúas de monicreques e dúas de danza con maior distribución na Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o primeiro semestre do ano, e as dúas formacións de nova creación con maior puntuación na pasada convocatoria de axudas á actividade escénica. A selección do resto das compañías recaeu no director artístico da Feira, Rubén García.


Nesta reformulación de obxectivos ten cabida, así mesmo, outra serie de funcións complementarias que debe cumprir a Feira como elemento de promoción e difusión social das artes escénicas entre o conxunto da cidadanía e como punto de encontro e debate dos axentes e profesionais do sector. Con tal motivo, o programa de actividades paralelas contempla a presentación de dous estudos promovidos polo IGAEM sobre os hábitos de consumo cultural do público feminino da Rede Galega de Teatros e Auditorios e sobre a situación actual das artes escénicas en Galiza, a celebración dun encontro internacional de formación en crítica teatral ao que asistirán 14 novos críticos de diferentes



Matarile: Truenos & misterios



Sapristi: O son das cousas



FEIRA GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS
2007

IGAEM

países europeos, e a exposición *Un país dende as táboas. 125 anos de teatro galego*, que permanecerá na Fundación Torrente Ballester até o 11 de novembro, ofrecendo un achegamento histórico á nosa escena a través de moi diferente material documental, nalgúns casos inédito.

OLLADA CARA Á LUSOFONÍA

A presente edición propiciará, asemade, unha especial aproximación a outras culturas irmáns, como o son as dos países que se expresan en lingua portuguesa, establecendo un primeiro chanzo cara a un progresivo posicionamento da Feira Galega como un espazo de referencia a nivel estatal para a exhibición e compravenda de espectáculos de compañías portuguesas e doutros países da área lusófona. O Ministerio de Cultura portugués respondeu positivamente a esta iniciativa e estará presente en Compostela a través dun *stand* que porá a disposición das compañías do Norte de Portugal interesadas en divulgar o seu traballo en Galiza, ao tempo que se contará coa presenza de programadores chegados dende o país veciño e se exhibirán catro espectáculos en portugués a cargo de dúas compañías de Cabo Verde (Grupo de Teatro do Centro Cultural Português-Instituto Camões e Raiz di Polon), unha brasileira (Companhia Silvana Abreu) e unha portuguesa (Círculo-Graça Ochoa).

Estas propostas sumaranse ás que presentarán as 21 compañías galegas seleccionadas para configurar un programa que, durante cinco días consecutivos, converterá ao teatro maila danza nos protagonistas culturais na

cidade de Compostela. Teatro de actor para público infantil e adulto, monicreques, novo circo e danza son os xéneros escénicos que conforman o cartel desta edición.

Entre as montaxes teatrais para público adulto, a nosa dramaturxia (Ancora Produccións presenta *Medidas preventivas* de Gustavo Pernas Cora; Matarile Teatro, *Truenos & misterios* de Ana Vallés; Sarabela Teatro, *Margar no pazo do tempo* de Ánxeles Cuña; e Teatro de Ningures, *Emigrados* con textos de X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cándido Pazó) convive con clásicos universais (Teatro do Noroeste con *Romeo e Xulieta*, de Shakespeare; e Teatro do Morcego con *O burgués fidalgo*, de Molière), obras contemporáneas internacionais (Fulano, Mengano e Citano con *Arte*, de Yasmina Reza; Lagarta Lagarta con *As últimas lúas*, de Furio Bordon; Teatro Galileo con *Rosso profundo in punto di morte*, de Luigi Lunari; e Teatro do Atlántico con *A bombilla máxica*, de Woody Allen) e creacións colectivas como *Corpos disidentes* de Nut Teatro.

Ademais, o novo circo estará representado neste evento da man de PistaCatro e a súa proposta *Kamikaze* e a danza coas montaxes *Menú vexetal* de Disque Danza e *30.000* de Pisando Ovos. Canto ao teatro pensado para o público infantil, o cartel inclúe tres espectáculos de actor (*Robin Hood* de Producións Acontrabutaca, *O son das cousas* de Sapristi, e *O merlo branco* de Talía Teatro) e catro de monicreques (*Do, re, mi, Mozart xoga aquí* de Cachirulo; *Sen título 4x8x6. Técnica mixta sobre o escenario* de Os Monicreques de Kukas; *Sombreiro sen chapeu* de Tanxarina Títeres; e *Bolboreta*, de Títeres Trompicallo).

PROGRAMA

23 MARTES

TEATRO GALÁN	18.00	MatarileTeatro <i>Truenos & misterios</i>
TEATRO PRINCIPAL	20.30	Ancora Produccións <i>Medidas preventivas</i>
SALÓN TEATRO	23.00	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i>
SALA NASA	01.00	Grupo de Teatro do Centro Cultural Português-Instituto Camões (Cabo Verde) <i>Cloun Creolus Dei</i>

24 MÉRCORES

TEATRO GALÁN	12.00	Sapristi <i>O son das cousas</i>
AUDITORIO SGAE	18.00	Os Monicreques de Kukas <i>Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)</i>
TEATRO PRINCIPAL	20.00	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i>
SALÓN TEATRO	23.00	Sarabela Teatro <i>Margar no pazo do tempo</i>
SALA NASA	01.00	Companhia Silvana Abreu (Brasil) <i>Micro-revolución dun ser gritante</i>

25 XOVES

TEATRO GALÁN	12.00	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i>
AUDITORIO SGAE	18.00	Talía Teatro <i>O merlo branco</i>
TEATRO PRINCIPAL	18.00	Producións Acontrabutaca <i>Robin Hood</i>
SALÓN TEATRO	20.00	Teatro do Atlántico <i>A bombilla máxica</i>
TEATRO PRINCIPAL	23.00	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i>
SALA NASA	01.00	Pisando Ovos <i>30.000</i>

26 VENRES

AUDITORIO SGAE	11.00	Tanxarina Títeres <i>Sombreiro sen chapeu</i>
AUDITORIO SGAE	12.30	Círculo-Graça Ochoa (Portugal) <i>A galinha da minha vizinha</i>
TEATRO GALÁN	18.00	Teatro Galileo <i>Rosso profundo in punto di morte</i>
TEATRO PRINCIPAL	20.00	Teatro do Noroeste <i>Romeo e Xulieta</i>
SALÓN TEATRO	23.00	PistaCatro <i>Kamikaze</i>
SALA NASA	01.00	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i>

27 SÁBADO

AUDITORIO SGAE	12.00	Títeres Cachirulo <i>Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí</i>
TEATRO GALÁN	18.00	Disque Danza <i>Menú vexetal</i>
TEATRO PRINCIPAL	20.00	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i>
SALÓN TEATRO	23.00	Raiz di Polon (Cabo Verde) <i>Duas sem três e Dom Quixote das ilhas</i>

FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER

- Zona de mercado e mesa de contratación
- Programa matinal de presentacións profesionais
- Área de encontro e traballo
- Exposición *Un país dende as táboas. 125 anos de teatro galego* [ATÉ O 11 DE NOVIEMBRE]

SALÓN TEATRO

- Seminario Internacional de Formación en Crítica Teatral



FEIRA GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS
2007

UABEGI

A MÚSICA GALEGA REVALIDARÁ O PROTAGONISMO ACADADO EN BERLÍN NO WOMEX DE SEVILLA

A delegación galega no Popkomm de Berlín pechou a súa estadia nesta feira mundial de música que se celebrou do 19 ao 21 de setembro cun balance moi positivo, tanto pola promoción de grupos musicais e discográficas acadada desde o *stand* que promoveu a Consellaría de Cultura e Deporte baixo a marca 'Galician Tunes', como polo éxito dos concertos protagonizados por Faltriqueira, Berrogüetto, Lama-tumbá, Catpeople e Deluxe, que congregaron a centos de espectadores nas dúas sedes de actuacións do certame: a Kulturbrauerei e a E-Werk. Cultura segue a explotar 'Galician Tunes' como a imaxe que representa a música galega no exterior, que acudiu a Berlín co subtítulo 'Music in the oven' e co novo material de promoción que será utilizado tamén no Womex de Sevilla do 24 ao 28 de outubro.

Womex é a máis importante feira internacional do 'world music' (folc, roots, étnica e tradicional), o que a converte no mercado máis interesante para as empresas galegas. Desta volta a representación musical correrá por conta do grupo Marful, e terá lugar o 26 de outubro, en tanto que as empresas desprazadas serán Abada, Berrogüetto Producións, Falcatruada, La Fábrica de Chocolate, Lonxa Cultural, Nordesía, Ouvirmos e Zouma Records.

CONSAGRACIÓN DE DELUXE

En Berlín, o éxito foi maiúsculo no caso de Deluxe, que foi un dos protagonistas da gala central do evento na que participaron os grupos 'indies'

máis puxantes do momento en todo o mundo. A banda liderada por Xoel López foi aclamada polo público especializado –empresas, axentes e xornalistas– converténdose na revelación da noite xunto cos dinamarqueses Dúné.

Tanto a Consellaría de Cultura e o IGAEM, como organizadores da delegación galega, como as empresas coincidiron en valorar a participación no Popkomm como moi favorable, tanto no que atinxe á difusión da marca 'Galician Tunes', que amosou estar cada día máis asentada como identificativo da música galega dentro do mercado global, canto na presenza artística, que foi moi relevante (5 grupos galegos actuaron en dous días). Ademais, o volume de actividade económica e de relación das empresas galegas desprazadas a Berlín resultaron moi satisfactorios, xa que Abada, La Fábrica de Chocolate, Falcatruada, Zouma, Nordesía, Kamikaze e Berrogüetto Producións tiveron a oportunidade de establecer



diversos contactos para a expansión da súa área xeográfica de negocio.

VALORACIÓN DAS EMPRESAS

Para Sergio Lago, da empresa Falcatruada, «foi moi positivo ter unha presenza importante na parte de concertos, porque a música galega se fixo moi visible». Tamén subliñou a relevancia da marca 'Galician Tunes' «porque facilita moito o xeito de localizar a nosa oferta» e afirmou que a súa empresa vai empregar esa marca nas



'promos' internacionais. A nivel particular, Lago salientou que a súa empresa pechou acordos con revistas para ter máis presenza, así como contactos directos coas principais compañías americanas que controlan o negocio da música dixital. Asemade, para el foi moi importante como «introdución no mercado alemán que é moi potente e interesante, sobre todo para os concertos». En resumo, fixo unha valoración moi positiva da presenza galega en Popkomm, en canto a número de

contactos, visibilidade para as marcas («tanto para os grupos concretos, como para as empresas ou para a propia Galiza», afirmou), e como experiencia para coñecer outras realidades.

O optimismo tamén foi compartido por Joaquín Martínez, director de La Fábrica de Chocolate e mánager de Deluxe, quen afirmou que «colocamos unha pica en Flandes coa actuación de Xoel López na gala, xa que cremos que é un artista que pode funcionar a nivel mundial». Deluxe foi o home máis buscado de Popkomm, cousa que satisface a Martínez, pero prefire manterse prudente: «É certo que tivemos moitos contactos e que todo o mundo quería falar connosco, pero a clave de todo isto está na semana que vén, cando todo debe concretarse». En calquera caso, o representante de La Fábrica manifestou estar feliz porque «o mero feito de estar nesa gala xa é un éxito e é a demostración de que unha empresa pequena pode facer grandes cousas». O seu obxectivo é establecer acordos de intercambios con Europa e América Latina para promover os seus artistas: «Os resultados veñen por goteo. Nós agora estamos recollendo os froitos do traballo que fixemos en Mídem, cando houbo presenza galega por primeira vez. Desde aquela estamos no mapa e agora só temos que continuar traballando».

Para Loli López, de Abada, a presenza en Popkomm é unha preparación para Womex, que é a feira especializada en 'world music', que é no eido no que traballa esta empresa. Mantivo contactos con programadores alemáns e franceses para facer intercambios de grupos, ver salas e presentar os seus artistas.



Presentación en Berlín da delegación de «Sound from Spain»

[vén da anterior]

A presenza da música galega en Berlín e en Sevilla forma parte da estratexia da Consellaría de Cultura para difundir no exterior a creatividade galega e insírese no proxecto de consolidación do sector. «Estáse a activar por primeira vez unha política real de apoio ao sector musical en Galiza», indicou Bugallo no acto de presentación das actividades en Popkomm.

A Consellaría de Cultura estableceu mecanismos de apoio que inclúen a difusión e comercialización. No exterior, xunto coas feiras de Berlín e Sevilla, Cultura promoveu a música galega no Midem en Francia; ademais das promocións adicionais en Lisboa a través de Portugalizando e en Barcelona mediante a iniciativa SonGaliza.



Anxela Bugallo e o director do INAEM, Juan Carlos Marset

O IGAEM ABRE VÍAS DE COLABORACIÓN COS TEATROS DO NORTE DE PORTUGAL

O IGAEM vén de abrir novas vías de colaboración con entidades teatrais do norte de Portugal, tanto compañías como espazos e institucións, coas que se iniciaron os contactos para o artellamento de circuítos e/ou festivais de exhibición do teatro galego e portugués, así como de novas posibilidades de distribución dos espectáculos galegos no país veciño.

Para tal fin celebrouse unha primeira xuntanza en Santiago de Compostela o pasado 21 de setembro, na que estiveron presentes o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luis Bará, xunto ao xerente do IGAEM, Miguel Martín, á que asistiron representantes de 16 centros de produción ou exhibición lusos: Companhia de Teatro de Braga, Teatro Circo (Braga), Auditorio do Espinho (Espinho), Centro Cultural de Paredes de Coura-Comédias do Minho (Paredes de Coura), As Boas Raparigas (Porto), Ensemble-Sociedade de Actores, FITEI-Festival Internacional de Teatro de Expresao Ibérica (Porto), Jangada Teatro (Porto-Lousada), Pé de Vento (Porto), Teatro Art'Imagem / Fazer a Festa-Festival Internacional de Teatro (Porto), Festival Internacional de Teatro Cómico da Maia (Porto), Teatro Plástico (Porto), Vísões Úteis (Porto), Entretanto Teatro (Valongo-Porto), Festeixo (Festival de Teatro do Eixo Atlántico) e Centro Dramático de Viana-Teatro do Noroeste (Viana do Castelo).

O Ministerio de Cultura Portugués, a través da Dirección Regional de Cultura do Norte vén de sumarse a esta

iniciativa e como primeira acción patrocinará un *stand* na zona de mercado da Feira Galega das Artes Escénicas desde o que se promoverá de xeito conxunto os traballos das compañías de teatro portuguesas.

PRESENTADOS OS PRIMEIROS LIBROS DA COLECCIÓN «BARRIGA VERDE»

A Fundación-Museo Eugenio Granell en Santiago acolleu a presentación dos tres primeiros libros que integran a Colección Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, nun acto que formou parte da programación do Festival Galicreques e que contou coa participación de Miguel Martín, xerente do IGAEM; Belén López, directora de Baía Edicións; Jorge Rey, presidente da Asociación Cultural Barriga Verde, e os autores Xosé Manuel Fernández Castro e Breogán Riveiro.

Os tres títulos presentados son *O soñador* de Gabriel Castilla Raspa, I premio Barriga Verde, modalidade adultos (ano 2003); *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro, III premio Barriga Verde, modalidade adultos (ano 2005); e *O afundimento do Tiránic*, de Breogán Riveiro, IV Premio Barriga Verde, modalidade infantil (ano 2006).

A colección Barriga Verde nace como resultado do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques que o IGAEM vén convocando anualmente dende o ano 2003 nas modalidades de infantil e adultos, e dotado con 4.000 euros en cadansúa categoría. En 2007 asinou un contrato de coedición con Baía Edicións para iniciar unha colección que dese cabida



Momento da presentación da colección Barriga Verde

ás obras gañadoras deste premio e á vez publicar as galardoadas de anos anteriores.

Inicouse a colección coa edición da premiada en 2006, *O afundimento do Tiránic*, de Breogán Riveiro, na modalidade de infantil (a de adultos quedou deserto ese ano) e a recuperación de dúas de adultos dos anos 2003 e 2005 respectivamente: *O Soñador*, de Gabriel Castilla Raspa, e *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro, que aínda que xa estaban fóra do prazo que o IGAEM tiña para facer uso do dereito de edición (segundo as bases do premio, dous anos dende a comunicación pública do ditame do xurado), os autores manifestaron o seu apoio á edición.

O soñador, do director artístico e dramaturgo arxentino Gabriel Castilla, defínese como «peza de teatro de sombras ou monicreques de luva ou figuras planas», e, na súa unidade, mostra doce historias marcadas pola ironía, en ocasións, e a poesía e a melancolía, noutras, que nos invitan, moi intelixentemente, a deixar que a nosa imaxinación, como un soño, ca-

miñe no medio da escuridade como un personaxe máis. Evocadora, e toda unha imaxe do que podemos encontrar nesta peza dramática, é a capa deseñada por José Tomás.

Misterio en Guernica é o libreto dun musical pop para bunraku substituído «Epifanía entre vía crucis e tableau vivant». Picasso deu vida eterna a Guernica mais as figuras ficaron atrapadas; faltaba outorgarlles un pasado e concederlles o dereito á palabra. O mural será pano de remate dun espectáculo que canta á vida cando acompaña o éxodo duns refuxiados de guerra.

O afundimento do Tiránic conta a historia dun barco tiranizado polo medo a un capitán déspota. Un heroe pobre e «boa xente» rematará coa súa tiranía, salvará aos pasaxeiros e namorará á heroína, como está mandado nas boas historias de sempre. Unha historia de «bos moi bos» e de «malos moi malos», de «parvos moi parvos» e de quenllas simpáticas que rematan por devorar aos malvados. Unha historia con humor que pretende aprenderlles aos nenos dúas cousas... ¿ou era só unha?

O CCG IMPARTE UN TALLER DE RITMO E PERCUSIÓN E OUTRO DE DANZA

O Centro Coreográfico Galego (CCG) desenvolve este mes de outubro dous talleres do seu plan formativo: os días 8 e 9 sobre ritmo e percusión especialmente orientado a bailaríns e coreógrafos, que será impartido polos músicos Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero; e do 22 ao 26 sobre linguaxe de danza, desta volta a cargo de Vicente Colomer e Jaime Pablo Díaz.

Serán 5 os profesionais da danza que participarán nas clases teórico-prácticas da primeira das devanditas citas. Esta actividade formativa está deseñada para profundizar na percepción do ritmo tanto a nivel corporal como a nivel auditivo e estrutúrase en tres partes: percepción psicomotriz do ritmo (o pulso, execución de ritmos do corpo, interacción co grupo, os silencios, coordinación de distintas partes do

Nova Galega de Danza



corpo na execución rítmica, etc.), percepción auditiva do ritmo (audición e identificación de ritmos en gravacións de diferentes estilos, identificación da distribución dos pulsos nos distintos instrumentos, etc.) e execución de instrumentos de percusión (técnicas básicas de interpretación estética, o son e o ruído, instrumentos de afinación determinada e indeterminada, etc.).

Tanto Suso Vaamonde como Xosé Lois Romero son Mestres de Música Tradicional do IGAEM. Vaamonde formou parte de grupos referenciais da música galega como Lelia Doura, Luvas Verdes ou o Trío Vaamonde, Lamas & Romero. Xosé Lois Romero é compositor, instrumentista (acordeón e percusión) e director musical da compañía Nova Galega de Danza.

O obxectivo do segundo taller é expandir o concepto da danza galega que distingue a compañía Nova Galega de Danza, entendida como un estilo que parte da danza tradicional para consolidar unha linguaxe de danza contemporánea, de marcado carácter galego e con vocación universal.

Vicente Colomer e Jaime Díaz, ambos bailaríns e coreógrafos, fundaron en 2003 a compañía Nova Galega de Danza, dando forma á idea de fusionar danza tradicional e danza contemporánea con música de raíz galega en vivo.

ABERTA A INSCRIPCIÓN NO LABORATORIO DE I+D+i QUE IMPARTIRÁ KÒNIC THEATRE

O Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego organizan conxuntamente unha novedosa proposta formativa, que acollerá o Centro de Creación Dramática Contemporánea, sobre a relación entre dramaturxia, coreografía e linguaxes de comunicación audiovisual interactiva. A iniciativa, que leva por título *A escena aumentada: Galiza*, é un laboratorio de I+D+i dirixido por Rosa Sánchez e Alain Baumann, integrantes de Kònic Theatre, na que colaboran tamén a Universidade de Santiago e a Consellaría de Innovación e Industria.

O proxecto está deseñado como unha experiencia transdisciplinar que combina a instalación e a *performance*, e busca a relación entre movemento, palabra, vídeo, son e data dixital xestionados en escena a tempo real.

Entre os obxectivos concretos que se perseguen está facilitar o acceso dos profesionais do ámbito das artes escénicas ás novas tecnoloxías para aportar a súa innovación e incorporación ao contexto cultural europeo de I+D, facilitar o proceso de tecnificación e dixitalización das artes escénicas galegas, interconectar a comunidade cultural de Galiza nos fluxos globais da nova cultura e dotar de recursos e coñecemento aos profesionais

Kònic Theatre



galegos que traballan en proxectos transdisciplinares.

Para acadar estes fins abríranse liñas de traballo teóricas, metodolóxicas e de aplicación nos ámbitos da narrativa escénica e escrita coreográfica non lineais, creación de dispositivos específicos de *software* e *hardware* para estas narrativas e creación e aplicación dos coñecementos e desenvolvementos realizados na creación de pezas escénicas.

Rosa Sánchez e Alain Baumann contan cunha longa traxectoria profesional en relación á investigación sobre as novas tecnoloxías. Este traballo de estudo xa o aplicaron a diversas disciplinas: o teatro, a danza, a *performance*, a instalación..., e á súa vez intercalárono coa crea-

ción artística e a organización de laboratorios nos que imparten/comparten os seus coñecementos. Ambos desenvolven actividades de formación e investigación destinadas a diversos sectores profesionais entre os que se inclúen todos aqueles coreógrafos, directores de escena, intérpretes, artistas visuais, músicos, informáticos, especialistas en electrónica, arquitectos ou teóricos interesados en experiencias escénicas que utilizan novas tecnoloxías.

A súa experiencia vén avalada pola participación en numerosos festivais e eventos multimedia, en espazos tan prestixiosos como o Institute of Contemporary Arts (ICA) de Londres, o Centro Nacional de las Artes de México DF ou o



Kònic Theatre

Museo de Arte Contemporáneo de Barcelona (MACBA).

O calendario do laboratorio comezará en novembro e desenvolverase por espazo dun ano en catro fases ou encontros. Están a disposición un máximo de 12 prazas, que se dirixen a persoas con experiencia ou con formación probada nas artes escénicas dentro das especialidades de dirección de escena, dramaturxia, coreografía, deseño de iluminación, deseño de espazo sonoro e escenografía, así como a especialistas en informática e novas tecnoloxías interesados nas artes escénicas e a artistas multidisciplinares. Haberá unha selección previa a través da estimación do currículo e da carta de motivación.

O SALÓN TEATRO ACOLLE ATÉ O 21 DE OUTUBRO 18 FUNCIÓNS DE «NOITE DE REIS»

O Centro Dramático Galego (CDG) ofrece no Salón Teatro até o próximo 21 de outubro un total de 18 funcións da súa primeira produción para esta temporada, *Noite de Reis*. Ou o que *queirades*. A obra orixinal de W. Shakespeare versionada e dirixida por Quico Cadaval terá cinco funcións semanais, de mércores a domingo.

Os mércores e xoves ás 11.00 horas desenvolveranse as funcións para institutos. As funcións para o público xeral terán lugar ás 20.30 horas os venres e sábados, e ás 18.00 horas os domingos. As entradas poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro desde dúas horas antes do comezo do espectáculo. O prezo das localidades é de 10 € para os venres e os sábados, cun desconto do 40% para estudantes, usuarios de carné xoven e maiores de 65 anos, e de 5 € para o domingo, día do espectador.

Noite de Reis. Ou o que *queirades* estreouse con gran éxito o pasado 28 de setembro. Trátase dun divertido xogo de enredos, contratempos, malentendidos, enganados e desenganados con apaixonantes historias de amor e desamor, no que se combina a interpretación actoral coa música en directo.

Rebeca Montero, María Bouzas, Xosé Manuel Olveira Pico e Mar-



cos Orsi encabezan o elenco de 10 actores e actrices -Susana Dans, Víctor Mosqueira, Xan Cejudo, Marcos Correa, Borja Fernández, Simone Negrín- e no que tamén participan os músicos Bernardo Martínez, Suso Alonso e Ramón Orencio.

Prestan ademais a súa colaboración artística para a posta en escena Baltasar Patiño (espazo escénico e iluminación), Gilda Bonpresa (figurinos), Bernardo Martínez (espazo sonoro e dirección musical) e Dolores Centeno (maquillaxe). Como axudantes de dirección exerceron Marta Lago e Rebeca Montero.

Tralas funcións en Compostela, o CDG iniciará unha xira con este espectáculo, que conta co patrocinio de Caixa Galicia e que se prolongará até o mes de xaneiro: Ourense (Teatro Principal, 27 e 28 de outubro), Carballo (Pazo de Cultura, 31 de outubro), O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 9 de novembro), Ferrol (Teatro Jofre, 16 e 17 de novembro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 4 e 5 de decembro), Pontevedra (Pazo da Cultura, 21 de decembro), A Coruña (Teatro Rosalía de Castro, 11 e 12 de xaneiro) e

Narón (Auditorio Municipal, 18 e 19 de xaneiro). Coa programación do CDG en cada un destes concellos botará a andar o proxecto «Espazos CDG», baixo o que se organizarán actividades promocionais para o conxunto das artes escénicas.

Ademais destas funcións, están programadas outras dez máis para institutos nas cidades de Ourense, O Barco de Valdeorras, Ferrol, Pontevedra, A Coruña e Narón. Nesta liña, o CDG elaborou un dossier pedagóxico, escrito por Miguel Vázquez Freire (de Gálix), para facilitarlle ao profesorado e alumnado o traballo na clase.

CÁNDIDO PAZÓ ASUME UNHA NOVA EDICIÓ DE «PISTAS PARA UNHA DRAMATURXIA DA ACTUALIDADE»

O autor e director teatral Cándido Pazó asume a dirección da segunda edición do curso *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*, o obradoiro permanente de escrita teatral que se insire no Centro de Creación Dramática Contemporánea do CDG. O curso, para o que está aberto o prazo de inscrición,



desenvolverase entre novembro de 2007 e maio de 2008 co obxectivo de facilitar o encontro entre os participantes con autores en activo, para o que se contará coa colaboración dos dramaturgos internacionais Patrick Lerch (Francia) e Jacinto Lucas Pires (Portugal), así como da autora madrileña Yolanda Pallín.

O curso está estruturado ao longo de seis meses, tempo no que se impartirán catro talleres e se levará a cabo un seguimento regular do traballo por parte do director. Como punto final celebrárase a lectura dramatizada baixo o título conxunto de «Lecturas en acción» dos textos resultantes, prevista para novembro do ano que vén.

Os destinatarios desta actividade son persoas que teñan especial interese pola escrita dramática e preferiblemente relacionadas coas artes escénicas no campo amateur ou profesional. Para cubrir as 12 prazas dispoñibles levarase a cabo unha selección previa a través de currículo ou mediante a valoración dun texto breve (máximo de 10 folios) que poden presentar os aspirantes.

A EAEM ABRE O CURSO CON 41 ALUMNOS E NOVAS PRAZAS PARA VIOLÍN, VIOLA E ÓBOE

